

## Divulgare inicia a publicación de vídeos en galego



Máis de 600.000 descargas, 14 premios internacionais e visitas dende 142 países avalan a calidade dos vídeos científicos elaborados polo grupo Divulgare, do Laboratorio de evolución e ecoloxía da Universidade de Vigo. A súa aposta pola divulgación da ciencia para poñela ao alcance de todos os públicos únese agora coa defensa do galego, da lingua propia como vehículo para facer e para transmitir a ciencia. Desta unión xorde a iniciativa de ofrecer a versión en galego de todos os vídeos do grupo, un traballo realizado en colaboración coa Área de Normalización Lingüística ao abeiro do convenio que a Universidade de Vigo asina anualmente coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de política lingüística para amosar que “en galego tamén se pode facer ciencia”.

Este venres tivo lugar a presentación pública das pezas audiovisuais, un total de 20, nun acto que contou coa presenza do reitor da Universidade, Salustiano Mato; o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García e os profesores Luís Navarro e José María Sánchez.

Salustiano Mato explicou que coa presentación “deste novo produto tratamos de seguir impulsando a idea que temos incrustada e pola que levamos anos pelexando, que é a ciencia en galego, porque en galego tamén se fai ciencia”. Estes vídeos achegarán os contidos científicos e innovadores non só á comunidade universitaria, senón especialmente ao estudiantado de secundaria, e en galego, creando e divulgando terminoloxía e vocabulario entre os futuros universitarios e incidindo nunha franxa de idade na que o uso da lingua propia se está a perder.

Unha vez feitas as traducións, agora dende Divulgare están a traballar un portal web que dea acubillo a estes e aos futuros vídeos para poñelos a disposición non só da comunidade universitaria senón da sociedade en xeral. José María Sánchez explicou que esta canle terá unha liña argumental baseada co cambio global, “un tema que xa está no currículo de secundaria e sobre o que xa temos feito varios vídeos e no que seguiremos a traballar”. Neste sentido, o secretario xeral de Política Lingüística salientou a utilidade destes recursos porque cumpren con tres aspectos estratéxicos. Por unha banda, achegar a lingua galega ao campo das TIC e do audiovisual para que se vexa “que non é un idioma secular, é unha lingua viva e actual”. Por outra banda, apostando polo galego nun eido como é o da ciencia, no que a lingua predominante é o inglés e, finalmente, ten un importante labor docente xa que achega a estudantes de diversas idades coñecementos científicos e de sostenibilidade en galego, “nunha franxa de idade especialmente importante na difusión da lingua, xa que están a formar a súa personalidade”.

### Nova terminoloxía e novas tecnoloxías

A tradución deste vídeos, nun casos dobrados e noutros subtitulados, foi realizada polas técnicas da Área de Normalización Lingüística da Universidade. Recoñecen Eva María Castro e Cristina Rodríguez que foi unha experiencia nova e enriquecedora, “porque estamos afeitas a traballar con papel e, desta volta, achegámonos ao formato audiovisual”. Pero o verdadeiro reto foi a terminoloxía, porque o eido científico require ás veces “crear idioma”, fornece de palabras para adaptar os anglicismos, como explicaba tamén o reitor. Neste sentido tanto Mato como o director da ANL, Paulo Cabral, lembraron o esforzo de moitos docentes do sistema universitario galego por facer realidade a docencia e a ciencia en galego, e referíronse á campaña das tres universidades En galego tamén se fai ciencia. Cabral destacou que ferramentas como estes vídeos ou os do proxecto Funil axudan a familiarizar ao estudiantado con termos científicos en galego e “son unha excelente maneira de darlle visibilidade ao traballo que se realiza na Universidade ao achegar o labor feito nos laboratorios á sociedade”.

Ao finalizar o acto proxectouse unha das pezas audiovisuais creadas polos investigadores de Divulgare e traducida pola ANL, o documental A saúde nos nosos océanos, encadrado no proxecto internacional Arcopol Platform. Neste enlace poden verse os vídeos do grupo en todos os idiomas dispoñibles.

Autor: M.delRío/ Universidade de Vigo

```
<iframe src="//player.vimeo.com/video/107616476" width="500" height="281" frameborder="0" webkitallowfullscreen mozallowfullscreen allowfullscreen></iframe>
```

### Related Posts



Feirón na Eira da Xoana



Congreso Xuvenil Internacional Océántica



II Limpeza simultánea de praias

### Uso de cookies

Como moitas outras webs este sitio usa cookies. Podes cambiar a configuración das cookies no teu navegador en calquera momento. Se continúas navegando das o teu consentimento para a aceptación das mencionadas cookies e da nosa política de cookies, pulsa a ligazón para máis información.

plugin cookies